

IDEAS CLAVE

DOC. 1

As palabras son testemuñas que acostuman falar máis forte cós documentos. Consideremos algúns vocábulos que foron inventados ou que adquiriron o seu significado moderno no período de sesenta anos [1789-1848] (...). Entre eles están “industria”, “fábrica”, “clase media”, “clase traballadora”, “capitalismo” e “socialismo”. O mesmo podemos dicir de “aristocracia” e de “ferrocarril”, de “liberal” e “conservador” como termos políticos, de “nacionalismo”, (...) “proletariado” e “crise” (económica). (...) E o mesmo de “folga” (...).

Imaxinar o mundo moderno sen esas palabras (é dicir, sen as cousas e os conceptos ás que dan nome) é medir a profundidade da revolución producida entre 1789 e 1848, que supuxo a maior transformación na historia humana desde os remotos tempos nos que se inventaron a agricultura e a metalurxia, a escrita, a cidade e o Estado. Esta revolución transformou e segue a transformar o mundo enteiro.

HOBSEBAWM, E.: *A era da Revolución, 1789-1848*, (1962)

DOC. 2

A Revolución Industrial inglesa foi precedida, cando menos, por douscentos anos de constante desenvolvemento económico (...). As condicións previas principais para a industrialización xa estaban presentes na Inglaterra do século XVIII. Cara a 1750 é dubidoso que se puidese falar de campesiñado propietario en extensas zonas de Inglaterra e é certo que xa non se podía falar de agricultura de subsistencia (...). Ademais, Inglaterra posuía un extenso sector manufactureiro altamente desenvolvido e un sector comercial aínda máis desenvolvido. O transporte e as comunicacións eran relativamente fáciles e baratas, xa que ningún punto do país dista moito máis de 100 km con respecto ao mar, e aínda menos con respecto a moitas canles navegables.

HOBSEBAWM, E.: *Industria e Imperio* (1968)

DOC 3

Todos os datos históricos dos que dispoñemos hoxe indican que non foi ata a segunda metade, ou incluso ata o derradeiro terzo do século XIX, cando tivo lugar un aumento significativo do poder adquisitivo dos salarios. Da primeira á sexta década do século XIX, os salarios dos traballadores estancáronse en niveis moi baixos, próximos ou mesmo inferiores aos niveis dos séculos XVIII e anteriores. Esta longa fase de estancamento dos salarios, observable en Gran Bretaña e Francia, destaca máis aínda pola aceleración do crecemento económico neste período. (...) No período 1870-1914 vemos no mellor dos casos unha estabilización da desigualdade a un nivel extremadamente alto (...). É moi difícil dicir ata onde levaría esta traxectoria sen as grandes crises económicas e políticas iniciadas pola guerra. Coa axuda da análise histórica e un pouco de perspectiva, agora podemos ver esas conmocións como as únicas forzas o suficientemente poderosas desde a Revolución Industrial para reducir a desigualdade.

PIKETTY, T.: *O capital no século XXI* (2013)

DOC 4

Todo obreiro que, logo da aprobación desta lei, ingrese en calquera asociación coa finalidade de obter un mellor salario ou para reducir ou alterar as horas ou a duración do horario de traballo, ou para reducir a cantidade de traballo (...) será condenado polos xuíces (...) ao cárcere por un período superior a tres meses.

Lei inglesa Anti Asociacións (1800)

DOC 5

Cumprimos cos deberes de homes libres. Queremos, pois, ter os mesmos dereitos. É polo que necesitamos o sufraxio universal. Este sufraxio, para estar libre da corrupción dos ricos e das violencias dos poderosos, debe ser secreto.

Petición dos cartistas de Birmingham (1838)

DOC 6

Toda a historia da sociedade humana, ata a actualidade, é unha historia de loita de clases. Libres e escravos, patricios e plebeos (...); nunha palabra, opresores e oprimidos, fronte a fronte sempre, empeñados nunha loita ininterrompida, oculta unhas veces, e outras franca e aberta, nunha loita que conduce en cada etapa á transformación revolucionaria de todo o réxime social (...).

A revolución comunista significa a ruptura máis radical coas relacións de produción tradicionais (...). O proletariado usará o seu poder político para arrincar paso a paso á burguesía todo o seu capital, centralizar todos os medios de produción nas mans do Estado.

MARX e ENGELS: *O Manifesto comunista* (1848)

DOC 7

O noso programa pode ser resumido en poucas palabras (...): guerra contra todos os déspotas e opresores (...), igualdade para todos (...).

A organización dunha sociedade mediante unha federación libre, desde abaixo cara arriba, de asociacións de traballadores (...), primeiro nunha comuna, despois nunha federación de comunas en rexións, de rexións en nacións, e de nacións na asociación fraternal internacional.

BAKUNIN, M.: *Socialismo sen Estado*
(texto recollido en MAXIMOFF, G. P, *A filosofía política de Bakunin* 1953)

❖ TRABALLAMOS COS DOCUMENTOS:

- 1.- Le os textos e subliña os aspectos máis relevantes.
- 2.- Usa a columna da esquerda para anotar as ideas clave: IDEA PRINCIPAL e IDEAS SECUNDARIAS.
- 3.- Con que elementos traballados na aula se relaciona cada un dos documentos?
- 4.- Existe algunha unidade temática que nos permita agrupar os textos? Argumenta a túa resposta.